

5.3

medio ambiente

O estudo do medio ambiente está dividido en tres bloques. No primeiro deles, trátase o problema dos incendios forestais, medido a través do número de lumes e a superficie afectada. Posteriormente, analizarase a situación dos residuos sólidos urbanos a través da produción, recollida selectiva, tratamento ou custo medio da recollida, para finalizar coa análise do tratamento das augas.

A realización desta análise basease nos datos recollidos nos Presupostos Xerais da Xunta, a “*Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos*” do INE, a Consellería de Medio Ambiente, o Ministerio de Medio Ambiente e a “*Encuesta de empresas de suministro y tratamiento del agua*” do dito Ministerio.

O presuposto da Consellería de Medio Ambiente medrou en 1999 un 23,9% respecto a 1998, ata chegar ós 23.660,4 millóns de pese-

tas, dos que un total de 8.842,4 millóns (o 37,4%) corresponden ó capítulo VI, investimentos reais.

O **cadro 5.3.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da Consellería de Medio Ambiente. Os programas 614C, de ordenación, reestruturación e desenvolvemento do sector forestal; o 422C, de prevención e defensa contra incendios; e o 342A, protección e Mellora do Medio Ambiente, absorben o 82,8% do total dos presupostos da Consellería.

Xunto á actuación da Consellería, na mellora e conservación medioambiental tamén colaboran a sociedade pública Sogama, con 31.262 millóns de pesetas, e Augas de Galicia, da que os seus investimentos reais, como se reflicte no **cadro 5.3.2.**, ascenden a 10.894,9 millóns de pesetas.

Os presupostos da Xunta inclúen unha previsión de ingresos por gravámenes de conta-

CADRO 5.3.1.

Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 1998-99: distribución por programas

1998		(en millóns de pesetas)
342A	Protección e Mellora do Medio Ambiente	4.216,2
422C	Prevención e Def. contra Incendios Forestais	6.698,9
614C	Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal	6.687,3
345A	Direccións e Servicos Xerais de Medio Ambiente	819,0
432A	Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	174,0
441A	Elaboración e difusión estatística	6,8
799A	Accións do Plan de crecemento e emprego	500,0
Total		19.102,2

1999		(en millóns de pesetas)
342A	Protección e Mellora do Medio Ambiente	6.248,5
341A	Direccións e Servicos Xerais de Medio Ambiente	812,3
422C	Prevención e Def. contra Incendios Forestais	6.356,6
432A	Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	285,1
614C	Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal	6.994,8
441A	Elaboración e difusión estatística	7,4
731A	Mellora da Estruct. Forestal e 1ª Transf.	2.995,7
Total		23.660,4

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

minación atmosférica por un importe de 2.555 millóns de pesetas, un 11,1% máis que a cantidade presupostada o exercicio anterior, que era de 2.300 millóns.

Ó longo do ano 1999, na comunidade autónoma de Galicia detectáronse 7.590 infraccións en materia de medio ambiente. Formuláronse a través do Servicio de Protección da Natureza (Seprona) da Garda Civil 2.056 denuncias por infrinxir-la normativa sobre residuos sólidos urbanos; 406 á lei de caza; 913 relativas ás leis sanitarias; 637 a augas continentais; 631 a pesca marítima; e 395 a incendios forestais. Isto supón o 51,2% do total das denuncias formuladas por este servizo.

Nos meses de novembro e decembro de 1999 adheríronse ó convenio marco Xunta de Galicia-Ecoembalajes España, S. A. (Ecoembes), un total de catorce concellos, dos que 6 pertencían á provincia de A Coruña (Cerdeira, Ames, Ourense, A Capela, Boiro e Carral), tres á

provincia de Pontevedra (Valga, Cambados e Caldas de Reis), tres máis á de Lugo (Quiroga, Ribadeo e O Valadouro), e dous á de Ourense (Arnoia e Beade).

Os incendios forestais

No ano 1999 produciuse un descenso importante no número de incendios e na superficie total afectada. O número total de incendios forestais rexistrados en Galicia descendeu un 33,2% respecto a 1998, ó pasaren dos 12.934 incendios de 1998 ós 8.643 lumes no ano 1999. A diferenza do acontecido o ano anterior, este descenso produciuse en tódalas provincias galegas, salientando o descenso en Pontevedra e Ourense, con 1.645 e 1.142 incendios menos (cadro 5.3.3.).

Este descenso no número de incendios rexistrados na comunidade galega foi acompañado dun importante descenso da superficie total afectada (un 78,1%), que foi de 10.528,1

CADRO 5.3.2.

Proxecto de investimentos de Augas de Galicia 1998-99

	1998	1999	99/98
	(en miles de pesetas)		(%)
342A Protección e mellora do Medio Ambiente			
601 Infraestruturas, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.)	12.621.715	7.096.717	-43,8
648 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	130.000	40.000	-69,2
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos			
601 Infraestruturas, saneamento, protección e M.A. (obra hidráulica e M.A.)	3.305.285	3.648.218	10,4
623 Maquinaria, instalacións e utensilios	10.000	10.000	0,0
624 Material de transporte	15.000	10.000	-33,3
625 Mobiliario e útiles	15.000	20.000	33,3
626 Equipos para procesos de información	20.000	20.000	0,0
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	25.000	50.000	100

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 5.3.3.

Incendios forestais 1998-99

1998

	número (1)	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. rasa (en has.)	sup. total
A Coruña	2.773	2.849,1	2.596,3	5.445,4
Lugo	1.794	906,3	5.133,1	6.039,4
Ourense	4.295	4.244,2	20.266,8	24.511,0
Pontevedra	4.072	3.190,9	8.986,6	12.177,5
Total	12.934	11.190,4	36.982,8	48.173,2
España	22.338	42.659,4	90.153,6	132.813,0

1999

	número (1)	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. rasa (en has.)	sup. total
A Coruña	1.949	262,0	574,4	836,4
Lugo	1.114	386,5	1.563,9	1.950,4
Ourense	3.153	1.313,5	4.771,4	6.085,0
Pontevedra	2.427	495,6	1.160,6	1.656,3
Total	8.643	2.457,6	8.070,3	10.528,1
España	17.879	21.471,2	47.724,9	69.161,1

(1) número: suma de incendios + conatos

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ministerio de Medio Ambiente

hectáreas, fronte ás 48.173,2 hectáreas do ano anterior. A caída prodúcese tanto na superficie arbolada como na superficie rasa, que descenderon un 78% e un 78,2%, respectivamente.

Atendendo á desagregación por provincias, Ourense e Pontevedra experimentan os maiores descenso da superficie total afectada,

con 18.426 e 10.521 hectáreas menos, respectivamente. O descenso da superficie rasa queimada na provincia de Ourense foi de 15.495 hectáreas e na provincia de Pontevedra foi de 7.826 hectáreas. Na provincia de A Coruña salienta o feito de que o descenso da superficie arbolada é maior que o da superficie rasa, con 2.587 e 2.022 hectáreas menos, respectivamente.

CADRO 5.3.4.

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 1998

(en kg/habitante/ano)

	Mezclados dos fogares	Papel e cartón	Vidro
Andalucía	499	8,7	12,0
Aragón	504	11,5	10,7
Asturias	517	12,2	7,1
Baleares	767	14,1	13,6
Canarias	691	14,5	14,0
Cantabria	371	13,4	9,6
Castela e León	381	5,7	8,5
Castela- A Mancha	415	7,9	4,5
Cataluña	481	12,2	13,4
C. Valenciana	462	8,7	4,7
Extremadura	457	8,6	10,9
Galicia	346	8,3	10,8
Madrid	475	16,7	22,8
Murcia	485	5,4	3,5
Navarra	431	20,4	12,0
País Vasco	383	14,9	6,5
A Ríoxa	431	12,9	12,0
Total	471	11,0	11,6

Fonte: INE, Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos

Cruzando os datos da Consellería de Medio Ambiente e do Ministerio de Medio Ambiente, os incendios rexistrados en Galicia en 1999 representaron o 48,3% do total de lumes en España, aínda que a superficie total afectada en Galicia foi do 15,2% do total da superficie total afectada en España. No caso da superficie arbolada, esta porcentaxe acada o 11,4%, e no caso da superficie rasa, o 16,9%.

Tratamento de residuos

Os residuos sólidos urbanos (RSU) están compostos fundamentalmente por restos de comida, papel, cartón e plásticos de todo tipo, téxtiles, goma, coiro, madeira, residuos de xardín, vidro, cerámica, latas, aluminio, metais férreos, produtos cosméticos e de limpeza, po e refugallo das tarefas do fogar e outros de menor contía.

Atendendo ós datos da *Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos* do INE correspondente ó ano 1998, a media de residuos urbanos recollidos en Galicia por persoa e ano é inferior á media existente en España. Nos fogares galegos, recóllense 346 quilo-

gramos de residuos mezclados por habitante e ano, fronte ós 471 de media estatal. Galicia é a comunidade española na que se recolle menor cantidade de residuos por habitante (**cadro 5.3.4.**).

No caso do papel e cartón, en Galicia recóllense 8,3 quilogramos por habitante ó ano, fronte ós 11 de media estatal, sendo a cuarta comunidade con menor cantidade recollida. Finalmente, a cantidade de vidro recollido ascende a 10,8 quilogramos por habitante ó ano, fronte a 11,6 kg/habitante.ano de España, o que a sitúa como a novena comunidade en canto á cantidade recollida.

Respecto á recollida selectiva de vidro, papel e outros en 1998, ésta ascendeu a 15.340 toneladas por ano, o que representa o 2,1% do total español, sendo a décima comunidade en canto o volume de recollida deste tipo de residuos.

O **cadro 5.3.5.** recolle a distribución territorial da eliminación e tratamento de RSU nas diferentes comunidades autónomas. Respecto ós vertidos incontrolados, Galicia é a segunda

CADRO 5.3.5.

Eliminación e tratamento de RSU nas CC.AA. 1998

(en TM/ano)

	Verquido incontrolado	Verquido controlado	Incineración	Compostaxe	Recollida selectiva de vidro, papel e outros
Andalucía	46.409	1.835.375	-	867.655	60.296
Aragón	43.904	348.331	-	-	23.881
Asturias	86	408.234	-	-	28.466
Baleares	21.807	60.881	352.874	48.763	15.244
Canarias	247.787	693.285	10.051	45.000	12.459
Cantabria	64.966	166.166	-	-	10.666
Castela-A Mancha	231.560	311.521	-	57.539	11.952
Castela E León	295.202	641.742	-	-	27.184
Cataluña	6.973	2.023.142	695.363	99.299	176.090
C. Valenciana	880.935	123.864	-	1.000.886	43.082
Estremadura	23.297	386.384	-	-	4.396
Galicia	526.199	279.328	-	-	15.340
Madrid	6.094	1.691.845	-	649.895	175.799
Murcia	134.017	34.987	-	227.873	11.629
Navarra	15	193.397	4.000	16.800	29.000
País Vasco	5.725	713.686	-	-	84.669
A Ríoxa	809	96.134	-	-	4.593
Ceuta	26.366	-	-	-	-
Melilla	-	-	30.878	-	-
Total	2.562.151	10.014.396	1.093.166	3.013.710	734.746

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

CADRO 5.3.6.

Centros de tratamento de RSU 1998

(en TM/ano)

	Concello	Centro de tratamento	Municipios atendidos	RSU tratados
A Coruña	Santiago de Compostela	Verquedeiro controlado	1	41.900
Lugo	Lugo	Verquedeiro controlado	1	30.000
	Monforte	Verquedeiro controlado	4	4.428
Ourense	Ourense	Verquedeiro controlado	70	60.000
Pontevedra	Pontevedra	Verquedeiro controlado	2	15.000
	Cerceda	Verquedeiro controlado	3	128.000
Total			81	279.328

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

comunidade con maior número de toneladas por ano, tras Valencia, con 526.199 toneladas no ano 1998 (o 20,5% do total vertido en España). No que se refire ós vertidos controlados, a eliminación e tratamento de residuos ascendeu a 279.328 toneladas por ano, o que significa o 2,8% do total do conxunto do estado.

En Galicia no ano 1998 había un total de 6 centros de tratamentos de residuos sólidos urbanos (Lugo, Monforte, Ourense, Pontevedra, Cerceda e Santiago de Compostela) que

atendían a un total de 81 municipios. En canto ó número de municipios atendidos, o centro de Ourense é o máis importante, con 70 concellos, en tanto que o centro de tratamento de Cerceda é o máis importante en canto o volume de residuos tratados (128.000 toneladas/ano) (**cadro 5.3.6.**).

Atendendo ós datos de consumo e recuperación de papel-cartón usado durante o ano 1997 e 1998, proporcionados polos sectores da industria recicladora e da recuperación, o **cadro**

CADRO 5.3.7.

Datos de consumo-recuperación de papel-cartón usado 1997-98

	1997	(en TM) 1998	(%) 98/97
Consumo de papel e cartón usado	3.032.200,0	3.396.300,0	12,0
Recollida de papel e cartón usado	2.354.200,0	2.634.500,0	11,9
Papel-cartón usado importado	716.400,0	815.200,0	13,8
Papel-cartón usado exportado	38.400,0	53.400,0	39,1
Taxas de reutilización (%)	76,4	80,9	
Taxas de recuperación (%)	42,1	43,4	

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

CADRO 5.3.8.

Producción de residuos domésticos nas CC.AA. 1998

	kg/hab/día	kg/hab/ano	Poboación de feito	t/ano	%
Andalucía	1,06	388,36	7.234.873	2.809.735	16,13
Aragón	0,96	350,40	1.187.546	416.116	2,39
Asturias	1,10	401,50	1.087.885	436.786	2,51
Baleares	1,80	657,00	760.379	499.569	2,87
Canarias	1,72	627,80	1.606.534	1.008.582	5,79
Cantabria	1,26	458,44	527.437	241.798	1,39
Castela-A Mancha	0,98	357,70	1.712.529	612.572	3,52
Castela E León	1,05	384,34	2.508.496	964.128	5,54
Cataluña	1,35	492,75	6.090.040	3.000.867	17,23
C. Valenciana	1,40	511,00	4.009.329	2.048.767	11,76
Extremadura	1,06	386,90	1.070.244	414.077	2,38
Galicia	0,82	299,30	2.742.622	820.867	4,71
Madrid	1,38	472,00	5.022.289	2.529.727	14,52
Murcia	1,02	372,30	1.097.249	408.506	2,35
Navarra	1,28	467,20	520.574	243.212	1,40
Pais Vasco	1,05	383,25	2.098.055	804.080	4,62
A Ríoxa	1,05	383,25	264.941	101.536	0,58
Ceuta	1,05	383,25	68.796	26.366	0,15
Melilla	1,42	518,30	59.576	30.878	0,18
Total	1,20	436,58	39.669.394	17.418.169	100

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

5.3.7. reflicte una taxa de reutilización do 80,9% en 1998 (76,4% en 1997) e unha taxa de recuperación do 43,4% (42,1% no ano anterior). O devandito cadro amosa que o consumo de papel e cartón usado ascendeu en 1998 a 3.396,3 miles de toneladas, un 12% superior ó existente o ano anterior, en tanto que a recollida de papel e cartón usado ascendeu a 2.634,5 miles de toneladas.

No concernente á produción de residuos domésticos en España, o **cadro 5.3.8.** reflicte que en Galicia no ano 1998 producíronse un total de 0,82 quilogramos por habitante e día,

fronte ó 1,20 do conxunto do estado. O número de toneladas por ano ascendeu a 820.867 toneladas, o que representa o 4,7% do total estatal (17.418.169 toneladas).

Finalmente, os datos das declaracións anuais de produtores de **residuos tóxicos e peligrosos** recibidas na Secretaría General de Calidad Ambiental ascendeu en Galicia en 1998 a 163, dous máis que no ano anterior, mentres en España foron 5.245 declaracións. En termos relativos, en Galicia recolléronse o 3,1% das declaracións en 1998, fronte ó 3,9% do ano anterior (**cadro 5.3.9.**).

CADRO 5.3.9.

*Declaracións anuais de produtores de
residuos tóxicos e peligrosos*

	1997	1998
Andalucía	898	1.980
Aragón	32	39
Asturias	90	82
Baleares	2	4
Canarias	2	2
Cantabria	52	59
Castela-A Mancha	17	23
Castela E León	97	93
Cataluña	2.000	2.000
C. Valenciana	160	180
Extremadura	13	7
Galicia	161	163
Madrid	213	246
Murcia	19	28
Navarra	100	77
País Vasco	212	227
A Ríoxa	16	32
Ceuta	1	1
Melilla	1	2
Total	4.086	5.245

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

CADRO 5.3.10.

Custos por Tm de residuos recollidos nas CC.AA. 1998

(en pesetas)

	Remuneración asalariados	Investimento	Coste medio total
Andalucía	4.729	2.028	10.812
Aragón	4.458	1.215	7.918
Asturias	4.247	468	7.304
Baleares	4.788	848	7.973
Canarias	3.218	1.571	7.684
Cantabria	5.464	526	8.309
Castela e León	2.932	232	7.331
Castela- A Mancha	3.796	478	7.059
Cataluña	15.583	2.627	28.700
C. Valenciana	5.001	959	11.507
Extremadura	2.960	319	6.603
Galicia	3.087	121	8.718
Madrid	19.124	2.169	33.997
Murcia	2.415	516	8.144
Navarra	5.533	511	10.137
País Vasco	4.794	556	11.701
A Ríoxa	6.041	958	10.833
Total	7.913	1.460	15.599

Fonte: INE, Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos

Finalmente, a “Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos” do INE reflicte que o custo medio de recollida dunha tonelada de residuos supera as 15.500 pesetas en España, das que 7.913 pesetas (o 50,7%) corresponde á remuneración do persoal e algo menos do 10% á investimentos (1.460 pesetas

por tonelada de residuos recollida). No caso de Galicia, o custo medio foi de 8.718 pesetas, das que 3.087 (o 35,4%) foi destinado a pagar ós asalariados e 121 pesetas por tonelada de residuos recollidos (o 1,4%), a investimentos.

Tal e como reflicte o **cadro 5.3.10.**, com-

CADRO 5.3.11.

Captación de auga por tipo de fontes e sectores económicos 1998

(miles de m3)

	Galicia			España		
	Total	Superficiais	Subterráneas	Total	Superficiais	Subterráneas
Total	83.941	82.561	1.380	2.541.377	1.837.206	528.952
Agricultura	-	-	-	62.044	8.873	43.795
Industria	-	-	-	34.759	21.802	12.957
Industria minero metalúrxica	-	-	-	669	669	-
Industria química	-	-	-	574	574	-
Industria agroalimentaria	-	-	-	12.036	2.894	9.142
Industria téxtil e do calzado	-	-	-	11.455	10.460	995
Outras industrias	-	-	-	10.025	7.205	2.820
Suministro público de auga	83.941	82.561	1.380	2.425.030	1.798.546	465.929
Servicios turísticos e recreativos	-	-	-	16.988	6.647	5.053
Outros servicios	-	-	-	2.556	1.338	1.218
Auga retornada	-	-	-	-	-	-

Fonte: INE, Encuesta de empresas de suministro y tratamiento de agua

parada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a que menos inviste por tonelada de residuos.

Suministro e tratamento da auga

Atendendo á *Encuesta de empresas de suministro y tratamiento del agua*, que investiga tódalas empresas nas que a actividade principal é a captación, depuración e distribución de auga, o volume total de auga captada en Galicia en 1998 ascendeu a 83.941 miles de metros cúbicos (82.944 miles de metros cúbicos en 1997), sendo o seu destino final o suministro público de auga.

O **cadro 5.3.11.** reflicte que a procedencia da mesma é principalmente as augas superficiais, de tal xeito que en 1998 o 98,4% do total das augas captadas procedía desta fonte e o 1,6% restante, das augas subterráneas.

Respecto á potabilización das augas, o **cadro 5.3.12.** reflicte que en Galicia en 1998, ó igual que en 1997, existían un total de 9 estacións de tratamento de augas potables. O volume total de auga depurada para a súa potabilidade ascendeu a 80.157 miles de metros cúbicos,

dos que a súa totalidade foi captada e potabilizada pola propia empresa. Segundo a súa procedencia, 78.777 miles de metros cúbicos proceden das augas superficiais e o resto das augas subterráneas.

Segundo a distribución da auga para o abastecemento público, **cadro 5.3.13.**, os fogares son o grupo de usuarios que máis consume, con 30.589 miles de metros cúbicos (o 38,2% do total), seguidos da industria, con 15.190 miles de metros cúbicos (19%). O volume de auga perdida durante o transporte ascende a 15.309 miles de metros cúbicos, un 19,1% do total.

O importe total da auga distribuída, que recolle o importe total dos ingresos obtidos pola empresa pola totalidade de auga suministrada, ascendeu a 5.540 millóns de pesetas en 1998 (398 millóns máis que en 1997), en tanto que os gastos de investimentos nos servicios de suministro (diferencia entre os incrementos reais no valor dos recursos de capital e as vendas realizadas deses mesmos recursos) ascenderon a 470 millóns. A enquisa reflicte que as empresas analizadas suministran auga a unha poboación de 677.610 persoas, 12.163 habitantes máis que no ano anterior, ascendendo o número total de municipios abastecidos a 13.

CADRO 5.3.12.

Potabilización de auga por tipo de fontes e sectores económicos 1997-98

	Galicia		España		(G/E)	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Volume total de auga depurada para a súa potabilidade	80.127	80.157	1.971.591	2.098.443	4,06	3,82
Volume de auga captada e potabilizada pola propia empresa	80.127	80.157	1.614.899	1.684.765	4,96	4,76
Volume de auga adquirida a outras empresas e potabilizada pola propia empresa	-	-	356.692	413.678	-	-
Volume de auga depurada (segundo procedencia)	80.127	80.157	1.974.591	2.098.443	4,06	3,82
Augas superficiais	78.747	78.777	1.479.922	1.556.302	5,32	5,06
Augas subterráneas	1.380	1.380	323.384	348.549	0,43	0,40
Desalación	-	-	23.412	25.707	-	-
Outros	-	-	147.873	167.885	-	-
Número de estacións de tratamento de augas potables	9	9	202	217	4,46	4,15

Fonte: INE. Encuesta de empresas de suministro y tratamiento de agua

CADRO 5.3.13.

Distribución de auga por tipo de fontes e sectores económicos 1997-98

	Galicia		España		(G/E)	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Volume de auga para o abastecemento público (según os diferentes grupos de usuarios)	80.084	80.108	2.020.051	2.138.297	3,96	3,75
Rego	6.518	6.706	26.627	34.269	24,48	19,57
Industria	14.657	15.190	197.478	210.405	7,42	7,22
Comercio	260	280	46.714	47.214	0,56	0,59
Fogares	29.951	30.589	1.241.522	1.334.436	2,41	2,29
Usos turísticos e recreativo	-	-	59.232	64.154	-	-
Outros servizos	11.739	12.034	98.867	103.122	11,87	11,67
Auga perdida durante o transporte	16.959	15.309	349.611	344.697	4,85	4,44
Importe total da auga distribuída	5.142	5.540	175.289	188.648	2,93	2,94
Importe total de gastos de investimento nos servizos de subministro	376	470	15.307	18.730	2,46	2,51
Número total de municipios abastecidos	13	13	785	829	1,66	1,57
Poboación	665.447	677.610	22.116.398	22.953.801	3,01	2,95
Número de aboados	194.551	199.988	6.284.619	6.603.783	3,10	3,03

Fonte: INE, Encuesta de empresas de suministro y tratamiento de agua

CADRO 5.3.14.

Sumidoiros e verquidos 1997-98

	Galicia		España		(G/E)	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Lonxitude da rede de sumidoiros (kms.)	399	420	15.017	16.863	2,66	2,49
Número total de municipios	1	1	245	264	0,41	0,38
Poboación conectada á rede de sumidoiros	275.782	284.889	7.754.918	8.795.898	3,56	3,24
Poboación conectada a plantas de tratamento de augas residuais	-	240.000	6.246.693	6.893.202	-	3,48
Importe total das cotas de saneamento e sumidoiros	-	-	19.597	22.322	-	-

Fonte: INE, Encuesta de empresas de suministro y tratamiento de agua

CADRO 5.3.15.

Tratamento de augas residuais 1997-98

	Galicia		España		(G/E)	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
Volume de augas residuais tratadas	-	31.119	923.440	1.022.089	-	3,04
Volume de augas residuais eliminadas (miles de m ³)	-	120	603.603	363.941	-	0,03
Volume de auga retornada	-	30.224	163.771	199.411	-	15,16
Volume de auga reutilizada	-	775	156.066	185.737	-	0,42
Importe total dos gastos en investimento da recollida e tratamento das augas residuais	-	-	5.762	9.129	-	-

Fonte: INE, Encuesta de empresas de suministro y tratamiento de agua

No que á rede de sumidoiros e verquidos se refire, o **cadro 5.3.14.** amosa que a lonxitude da rede ascendeu a 420 quilómetros (21 máis que en 1997), sendo a poboación conectada á mesma de 284.889 persoas, e a conectada a plantas de tratamento de augas residuais de 240.000 habitantes.

Finalmente, o volume de augas residuais tratadas ascendeu a 31.119 miles de metros cúbicos en 1998. Desta cantidade, 30.224 miles corresponden ó volume de auga retornada, 120 miles de metros cúbicos a augas residuais eliminadas e os 775 restantes, ó volume de auga reutilizada. ■